

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 27 DE NOVEMBRO DE 2023

SEÑORES/AS ASISTENTES:

ALCALDE:

Don José Luís Camiñas Vázquez

CONCELLEIROS/AS:

Don Alberte Lamazares Casero

Dona Begoña Vázquez López

Dona Patricia Hermida Deza

SECRETARIO:

Don José María Novo Ramos

Na Casa do Concello de Rodeiro, a vinte e sete de novembro de dous mil vinte e tres, reunidos en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que á marxe se citan, baixo a presidencia do Sr. alcalde-presidente Don José Luís Camiñas Vázquez, asistido do secretario da Corporación que subscribe, tivo lugar a sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local, ao efecto

convocada, e sendo as nove horas deuse inicio á mesma, pasándose ao estudo dos asuntos incluídos na Orde do Día, e adoptándose os seguintes ACORDOS:

1.- ACTA ANTERIOR

Dada conta do borrador da acta da sesión ordinaria do día 21 de novembro de 2023, foi aprobado por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as presentes.

2.- COMUNICACIÓN PREVIA DE INICIO DE ACTIVIDADE

— Gandeiría Bernárdez-Vilar S.C.

Consta nas dependencias municipais comunicación previa de inicio de actividade, presentada con data 17 de xullo de 2023 (RE-E núm. 409), coas seguintes características:

DATOS DA SOLICITANTE

DENOMINACIÓN SOCIAL	GANDEIRÍA BERNÁRDEZ-VILAR S.C.
CIF	██████████
DOMICILIO SOCIAL	LUGAR DE TOIRIZ, PARROQUIA DE ARNEGO
REPRESENTANTE	MARTA VILAR CASEIRO
DNI	██████████

DATOS DA ACTIVIDADE

ACTIVIDADE	EXPLOTACIÓN AVÍCOLA DE POLOS DE CEBA TIPO BROILER INTENSIVA
REFERENCIA CATASTRAL PARCELA	36047A138004960000LF
LUGAR	TOIRIZ
PARROQUIA	ARNEGO
LICENZA URBANÍSTICA	SI (ACORDOS XGL DE DATAS 02/10/19 E 12/04/23)
TRÁMITE AMBIENTAL	SI (DECLARACIÓNS DE INCIDENCIA AMBIENTAL DE DATAS 12/08/19 E 25/01/23 – EXPTEs. NÚM. ██████████)
REGA	██████████
CAPACIDADE MÁXIMA AUTORIZADA	32.853 POLOS

Consta asemade no expediente, entre outras, a seguinte documentación preceptiva:

- Certificación final de obra asinada pola enxeñeira técnica agrícola Dona Vanessa González Cachafeiro en data 14/07/23 (visado colexial núm. ██████████).
- Acta de comprobación favorable de data 16/11/23.

Debidamente informados de canto antecede e de conformidade co previsto na Lei 9/2013, do 19 de decembro, de emprendemento e da competitividade económica de Galicia (LECG) e no Decreto 144/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos (RIAE), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Declarar a eficacia da comunicación previa presentada cos datos anteriormente consignados, de conformidade co establecido no artigo 24.2 da LECG e no artigo 15.1 do RIAE.

Segundo.- Dita comunicación previa constitúe título habilitante para o inicio da actividade e a apertura do establecemento, e faculta ao Concello para verificar a conformidade dos datos que se conteñen nela.

Terceiro.- O Concello poderá exercer en calquera momento as facultades de inspección da instalación ao obxecto de velar polo cumprimento dos requisitos aplicables segundo a lexislación de aplicación, de conformidade co previsto no artigo 82 e seguintes do RIAE.

Cuarto.- O incumprimento sobrevido das condicións da comunicación previa ou dos requisitos legais da actividade será causa da ineficacia da comunicación previa e habilitarán ao Concello para a súa declaración logo de audiencia do interesado.

Quinto.- Advírtese expresamente que a inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se achega ou incorpora á comunicación previa comporta, logo de audiencia da persoa interesada, a declaración de ineficacia da comunicación efectuada e impide o exercicio do dereito ou da actividade afectada desde o momento que se coñece, sen prexuízo das sancións que proceda impoñer por tales feitos.

Sexto.- Dar traslado do presente acordo ao Servizo de Gandaría da Consellería do Medio Rural en Pontevedra para a súa constancia e aos efectos oportunos.

3.- APROBACIÓN DE CERTIFICACIÓN NÚM. 1 DA OBRA DE “CONSTRUCCIÓN DE PISTA DE PÁDEL EXTERIOR”

VISTA pola Xunta de Goberno Local a certificación núm. 1 correspondente á obra de “Construcción de pista de pádel exterior”, por importe de VINTE E SEIS MIL CINCOCENTOS VINTE E SETE EUROS CON TRINTA E TRES CÉNTIMOS (26.527,33 €), por unanimidade ACORDAN:

Primeiro.- Aprobar a certificación da obra asinada polo director de obra Don Juan Carlos Bardelás Lamas.

Segundo.- Recoñecer a obriga da Administración fronte á sociedade adjudicataria da obra NATURE INFRAESTRUCTURAS Y SERVICIOS S.L., por un importe de 26.527,33 €, con cargo a correspondente partida do orzamento municipal.

Terceiro.- Aprobar a factura núm. 23/94 (FACe), de data 24/11/23, estendida pola adjudicataria polo importe e concepto da certificación que se aproba.

4.- APROBACIÓN DA CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA POLA VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES PARA A CONSTRUCIÓN, REFORMA, REPARACIÓN, ADECUACIÓN OU MELLORA DE INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DE TITULARIDADE MUNICIPAL E PARA A ADQUISICIÓN DE MATERIAL DEPORTIVO INVENTARIABLE – ANUALIDADE DE 2023

En relación á subvención outorgada pola Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes por Resolución de data 17/10/23, por importe de 38.646,92 € (liña I) e 4.005,16 € (liña II), ao abeiro da Orde do 28 de xullo de 2023 pola que se procede á segunda convocatoria do ano 2023 para a concesión de subvencións plurianuais e en réxime de concorrencia competitiva, dirixidas a concellos para a construción, reforma, reparación, adecuación e mellora de instalacións deportivas de titularidade municipal e para a adquisición de material deportivo inventariable (DOG núm. 151, do 09/08/23), procede a aprobación da conta xustificativa dos gastos correspondentes á anualidade de 2023.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Aprobar a conta xustificativa da subvención concedida que a continuación se sinala:

Liña I: Construción, reforma, reparación, adecuación ou mellora de instalacións deportivas de titularidade municipal

- Subvención concedida (ano 2023): 21.221,85 €⁰
- Gasto realizado:

PROVEDOR	CIF	NÚM. FACTURA	DATA FACTURA	DATA APROBACIÓN	IMPORTE
NATURE INFRAESTRUCTURAS Y SERVICIOS S.L.	████████	23/94	24/11/2023	27/11/2023	26.527,33 €

- Cantidade xustificada: 26.527,33 €

Liña II: Adquisición de material deportivo inventariable

- Subvención concedida (ano 2023): 2.199,32 €
- Gasto realizado:

PROVEDOR	CIF	NÚM. FACTURA	DATA FACTURA	DATA APROBACIÓN	IMPORTE
BODYTONE INTERNATIONAL SPORT S.L.	████████	VN2307929	03/11/2023	15/11/2023	2.351,99 €
ALMACENES CALMERA S.L.	████████	143 026492	03/11/2023	15/11/2023	524,90 €
REAL FEDERACIÓN GALEGA DE FÚTBOL	████████	FGF-2023/78	03/11/2023	15/11/2023	390,00 €
PENELA S.C.	████████	30	20/11/2023	21/11/2023	1.814,97 €

- Cantidade xustificada: 5.081,86 €

Segundo.- Acreditar o cumprimento axeitado da finalidade para a que foi concedida a subvención e poñer a disposición da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, de ser necesario, o resto da documentación relativa ao investimento que se atopa en dependencias municipais.

5.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN E APERTURA DO PROCEDIMENTO DE ADXUDICACIÓN DA OBRA DENOMINADA “ACONDICIONAMENTO E REPARACIÓN DE CAMIÑO MUNICIPAL EN LOUREIRO (SANTA BAIA DE CAMBA)”

A Xunta de Goberno Local, na sesión celebrada o día 15 de novembro do corrente, adoptou o acordo de inicio do expediente de contratación da obra denominada “ACONDICIONAMENTO E REPARACIÓN DE CAMIÑO

MUNICIPAL EN LOUREIRO (SANTA BAIÁ DE CAMBA)”. En virtude do acordado, e de conformidade co establecido na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público (LCSP), incorporáronse ao expediente os seguintes documentos:

- Acta de trazado previo, asinada con data 16 de outubro de 2023.
- Prego de cláusulas administrativas particulares, informado de xeito favorable pola Secretaría municipal.
- Certificación de existencia de crédito expedida pola Intervención municipal.

Xa que logo, debidamente informados e de conformidade co establecido no artigo 117 da LCSP, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación da obra de “ACONDICIONAMENTO E REPARACIÓN DE CAMIÑO MUNICIPAL EN LOUREIRO (SANTA BAIÁ DE CAMBA)”.

Segundo.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a licitación.

Terceiro.- Aprobar o correspondente gasto, por importe de 52.308,00 €, con cargo á partida correspondente do orzamento xeral en vigor.

Cuarto.- Iniciar o procedemento de adxudicación da obra, publicando o correspondente anuncio de licitación no perfil do contratante do Concello, de conformidade co disposto no artigo 135 e concordantes da LCSP.

6.- CONTRATACIÓNS LABORAIS PARA SUBSTITUCIÓN DE TRABALLADORAS POR GOCE DE VACACIÓNS

Dáse conta á Xunta de Goberno Local que Dona Elsa González Gallego e Dona Susana Otero García, traballadoras laborais do Concello en prazas de auxiliar de axuda no fogar, teñen solicitado o goce parcial das súas vacacións anuais en diferentes datas dos meses de novembro e decembro de 2023, e do mes de xaneiro de 2024. Xa que logo existe a necesidade de proceder á contratación urxente duns/dunhas novos/as traballadores/as que presten os

devanditos servizos durante dito período, ao tratarse dun servizo prioritario por mor da atención que presta aos usuarios beneficiarios da Lei de Dependencia, polo que é preciso proceder a súa provisión temporal inmediata.

O Concello considera que as contratacións propostas non contradín a prohibición de contratación de persoal temporal durante o ano 2023, establecida no artigo 20.Cinco da Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023, por canto o servizo municipal de axuda no fogar correspóndese cun sector prioritario e que afecta ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, constituíndo a súa provisión un suposto excepcional destinado a cubrir unha necesidade urxente e inaprazable, estando por outra parte financiado pola Consellería de Traballo e Benestar, de conformidade co previsto no artigo 58 do Decreto 99/2012, do 16 de marzo.

O Sr. secretario considera que os postos de traballo deberan ser provistos nas condicións legalmente establecidas, atendendo aos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, así como ao de publicidade. O Sr. alcalde manifesta que, dada a urxencia das contratacións, non se considera aconsellable realizar unha convocatoria pública das mesmas, pola demora que ocasionaría no inicio da prestación do servizo. Asemade, constátanse as dificultades coas que se atopa o Concello para acadar persoal cualificado para ocupar estas substitucións ante a ausencia de oferta de candidatos/as coa formación requirida.

Xa que logo, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, a proposta da traballadora social municipal Dona Natalia Salgado Rodríguez, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Autorizar a contratación, como auxiliares de axuda no fogar, mediante un contrato temporal por circunstancias da produción, ao abeiro do disposto no artigo 15 do Estatuto dos Traballadores, das seguintes traballadoras:

- ✓ BEATRIZ SENRA DOBARRO, con DNI núm. [REDACTED], a tempo completo (37,5 horas/semana), entre os días 4 e 15 de decembro do corrente, ambos inclusive, en substitución de Elsa González Gallego.
- ✓ ESPERANZA SILVA GONZÁLEZ, con DNI núm. [REDACTED], a tempo parcial (20 horas/semana), entre os días 27 de novembro de

2023 e 8 de xaneiro de 2024, ambos inclusive, en substitución de Susana Otero García.

Segundo.- Facultar ao alcalde para que asine cantos documentos sexan necesarios para a efectividade deste acordo.

7.- CONCESIÓN DE AXUDA ECONÓMICA A FESTA PATRONAL DA PARROQUIA DE PEDROSO

VISTO o escrito presentado por Don José Antonio Calviño García, con DNI núm. [REDACTED] e con domicilio no lugar de Laxas, parroquia de Pedroso (RE núm. 1891, do 23/11/23), polo que, na representación da Comisión de festas da parroquia de San Xiao de Pedroso, solicita unha axuda económica do Concello para as festas patronais celebradas os pasados días 12, 13 e 18 de agosto do corrente. A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda concederlle unha axuda económica por importe de TRESCENTOS SESENTA EUROS (360,00 €), de conformidade co previsto na Base de execución 10ª do orzamento xeral do exercicio de 2017, prorrogado a esta data para o exercicio corrente.

8.- CONCESIÓN DE AXUDA ECONÓMICA A FESTA PATRONAL DA PARROQUIA DE CARBOENTES

VISTO o escrito presentado por Dona Verónica Fernández Lois, con DNI núm. [REDACTED] e con domicilio no lugar de Agrosagro, parroquia de Carboentes (RE núm. 1887, do 22/11/23), polo que, na representación da Comisión de festas da parroquia de Santo Estevo de Carboentes, solicita unha axuda económica do Concello para as festas patronais celebradas os pasados días 29 e 30 de setembro, e 1 de outubro do corrente. A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda concederlle unha axuda económica por importe de TRESCENTOS SESENTA EUROS (360,00 €), de conformidade co previsto na Base de execución 10ª do orzamento xeral do exercicio de 2017, prorrogado a esta data para o exercicio corrente.

9.- ACEPTACIÓN DE INDEMNIZACIÓN DERIVADA DE SINISTRO DE VEHÍCULO MUNICIPAL ASEGURADO

Dáse conta aos/ás Sres./as. concelleiros/as asistentes que, con data 5 de outubro do corrente, se produzo un sinistro co vehículo de titularidade municipal marca PEUGEOT, modelo PARTNER e matrícula 9856HZH. Comunicado dito sinistro á aseguradora Plus Ultra S.A., esta traslada que os danos producidos no vehículo non permiten a súa reparación, polo que ofrece unha indemnización por perda total por importe de SEIS MIL OITOCENTOS CINCUENTA EUROS (6.850,00 €), descontada xa o importe da franquía contratada, e sen prexuízo da posterior venda dos restos do vehículo.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Aceptar a indemnización ofrecida pola aseguradora por perda total do vehículo municipal sinistrado.

Segundo.- Facultar ao Sr. alcalde para que, na representación que ostenta, asine o finiquito e canto documentación sexa necesaria para a efectividade do acordado.

10.- TOMA DE RAZÓN DA TRANSMISIÓN DO DEREITO DE COBRO DE CONTRATISTA FRONTE AO CONCELLO

De conformidade co establecido no artigo 200 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, acorda tomar coñecemento da transmisión do dereito de cobro notificada con data 10/11/23 (RE-E núm. 663), cos seguintes datos:

Cedente

SOCIEDADE: CONSTRUCTORA OBRAS PÚBLICAS DEL DEZA S.L.

CIF: XXXXXXXXXX

Cesionaria

SOCIEDADE: PROFECON FDEZ Y MONTOTO S.L.

CIF: ██████████

Obxecto da cesión

NÚMERO DE FACTURA: 23FF03 (FACe)

DATA DE EXPEDICIÓN: 01/06/2023

IMPORTE: Tres mil novecentos noventa e cinco euros con vinte e catro céntimos (3.995,24 €),
IVE incluído.

CONCEPTO: Subministro e colocación de canle de formigón prefabricada.

11.- FACTURAS E PAGOS

Por unanimidade dos/as membros da Xunta de Goberno Local, apróbanse as seguintes facturas e pagos:

- COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER S.A. 8.381,89 €
Por consumos de enerxía eléctrica no Concello no mes de setembro de 2023, s/recibos.
- NATURGY IBERIA S.A. 5.588,66 €
Por consumos de enerxía eléctrica nas dependencias municipais no mes de setembro de 2023, s/recibos.
- M^a JOSEFA FERNÁNDEZ MOURE 163,30 € E 336,80 €
Por subministro de diverso material para os programas municipais “*Concilia Verán Rodeiro 2023*” e “*O espertador*”, s/facturas núm. 526 e 529.
- DIGNA GONZÁLEZ CASTRO 106,30 €
Por subministro de zapatos de traballo para traballadora do SAF, s/factura núm. A2305.
- M^a JOSEFA FERNÁNDEZ MOURE 240,00 €
Por canxe de vales de premiados/as en concursos culturais, s/factura núm. 525.

E non tendo máis asuntos que tratar, o Sr. alcalde-presidente dá por rematada a sesión, sendo as nove horas trinta minutos, da que como secretario, estendo a presente e certifico.

O secretario,
(sinatura dixital)

O alcalde,
(sinatura dixital)